


Galicia. A nosa vida en Dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos


SI

Resumo Executivo
Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Contidos



Introdución



Situación Actual e Evolución dos Indicadores



Resultados Principais

Factores inflúen no uso das TIC



Crecemento Dixital Anual



Análise DAFO

Introdución

OBXECTIVOS



- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído Plan Galego de Estatística 2022-2026

MARCO



- **Metodoloxía e recollida de datos:**
 - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2023” (ECV –IGE)
- **7.771 entrevistas en fogares e 15.481 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA

FONTES DE INFORMACIÓN



- **Evolución Anos 2020 - 2021 - 2022 - 2023:**
 - Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas catro edicións a mesma metodoloxía
- **Comparativa co contorno:**
 - Indicadores estatais: INE
 - Indicadores europeos: Eurostat

Situación Actual e Evolución dos Indicadores



INTERNET

En Galicia, o 94,3% dos fogares ten Internet contratado, un aumento relativo do 1,7% desde o ano anterior.

Entre 2020 e 2023, a cantidade de fogares galegos con acceso a Internet creceu un 4,4%, superando a media europea do 2,3%.

O crecemento é notable en municipios con menos de 5,000 habitantes, onde aumentou un 20,5% no mesmo período.

A proporción de usuarios da internet no últimos tres meses mantívose estable nun 91,5%, igual que o ano pasado.

FOGARES MÁIS DIXITAIS

Galicia conta con 746.489 fogares que teñen ordenador de sobremesa, portátiles ou tablets. Son o 79,1% dos fogares con persoas de entre 16 a 74 anos.

Este crecemento reflicte a consolidación do fogar dixital, que está a gañar terreo fronte ás tecnoloxías máis tradicionais.

O 27,8% dos fogares galegos dispón dalgún dispositivo electrónico intelixente para o control de enerxía, seguridade, domótica, electrodomésticos ou altosfalantes intelixentes, o que representa un aumento relativo do 59,7% en comparación co ano anterior.



DIXITALIZACIÓN DA CIDADANÍA GALEGA

O 92,6% da poboación galega emprega un smartphone, que ten un uso universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, o uso sitúase no 70,3%.

Usar mensaxería instantánea (98,5%), buscar información sobre bens e servizos (88,6%), recibir ou enviar correos electrónicos (86,6%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (81,7%) ou usar banca electrónica (78,4%) son as actividades preferidas dos internautas galegos no 2023

EMPODERAMENTO DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA

A fenda dixital segundo a idade redúcese ano a ano, cun incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 65,9% xa son usuarios de Internet (+10% respecto ao ano anterior e +24,3% respecto ao 2020).





Principais Resultados




Dixitalización dos Fogares

Dispositivos electrónicos intelixentes nos fogares galegos

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)

SI
27,8%



Non
72,2%


O fogar intelixente é xa una realidade en Galicia.

No 2023, un 27,4% dos fogares galegos dispoñen dalgún dispositivo electrónico intelixente, cun incremento relativo do 59,7% respecto ao ano anterior.(

Un 15,5% dos fogares galegos dispón dun altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet no ano 2023, un 20,2% máis que no 2022. O 14,5% dispón xa de electrodomésticos conectados a internet.

Equipamento Tecnolóxico Intelixente dos fogares


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Dixitalización dos Fogares

Fogares con Ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Case 747 mil de vivendas en Galicia dispoñen de ordenador fixo ou portátil, o que equivale ao 79,1% dos fogares con polo menos un membro de entre 16 e 74 anos. A presenza dos ordenadores nos fogares galegos tivo un crecemento relativo do 3,5% dende o ano 2020, mentres que, a nivel estatal, ese incremento supuxo o 1,5% neste mesmo período.

No 2023, a tecnoloxía continúa gañando terreo ao analóxico nos fogares galegos nos que en máis do 50% dos fogares xa existe un televisor intelixente. Este dispositivo creceu un 12,6% respecto ao ano anterior e nun 36,8% respecto ao ano 2020.

Equipamento Tecnolóxico dos fogares


Ordenadores

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



SmartTV

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Consola de xogos con capacidade de acceso a internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Internet

Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O **94,3%** dos fogares galegos contan con Internet contratado.




Incremento no período 2020-2023

Galicia: 4,4% España: 1% UE: 2,3%

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia sube máis que en Europa, un incremento relativo en Galicia do 4,4% no período 2020-2023 fronte ao 2,3% da media europea.

Velocidade de conexión superior aos 30 Mbps no fogar

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)




O **78,2%** dos fogares galegos con Internet dispoñen cunha velocidade superior aos 30 Mbps, un incremento do 33,9% dende ano 2020.



Uso das TIC

Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Incremento no período 2020-2023
Galicia:4,3%. España:2,4%. UE: 3,9%

O 91,5% dos galegos /as utilizaron internet nos últimos tres meses en Galicia no 2023, con valores e evolución similares ás tendencias observadas no conxunto de España e da Unión Europea.

A evolución en Galicia de persoas con uso de Internet nos tres últimos meses é superior ao crecemento estatal e europeo no período 2020-2023.



Uso das TIC

O 63,9% dos galegos/as de 16 a 74 anos realizaron compras na Rede no último ano, cun crecemento relativo do 9,2% dende o 2020.


As compras on line no marco da Unión Europea creceron o 7,1% no mesmo período.

Os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 a 34 anos son os que máis compran a través de Internet (90,6%).

Destaca o crecemento de compradores entre as persoas de 65 a 74 anos (+13,1%) pasando do 17,5% no 2022 ao 19,8% no 2023.




Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade



Uso das TIC

Servizos de Internet utilizados polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




A mensaxería instantánea (como WhatsApp, Telegram, Facebook Messenger...) é o servizo con maior uso no últimos tres meses polos internautas galegos.

A busca de información e os correos electrónicos tamén son actividades que realizan a gran maioría de internautas.

Uso das TIC

Actividades realizadas polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




O 78,4% da poboación de 16 a 74 anos (1.416.873 persoas) utilizou servizos de banca electrónica nos últimos 3 meses en 2023.

Ciberseguridade


Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Actualización de produtos de seguridade informática

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



O 63,1% dos galegos/as actualiza periodicamente os produtos de seguridade informática.

Un 14,4% dos internautas galegos/as sufriron incidentes relacionados coa ciberseguridade no último ano.

eAdministración

Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)

Si
85,3%




Non
14,7%

No ano 2023, a porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 85,2% cun incremento relativo do 7,3% respecto ao ano anterior.



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información
Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos 12 meses)



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios oficiais
Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet)






Factores que inflúen no uso das TIC



Factores que inflúen no uso das TIC: IDADE

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España



A dixitalización da sociedade galega: ata os 44 anos converxe coa media estatal. Entre os mozos/as galegos/as, onde o 99,9% conectouse a Internet nos últimos tres meses.


No 2023, destaca o incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 65,9% xa son usuarios de Internet, un incremento relativo do 10% no último ano.



Factores que inflúen no uso das TIC: **FORMACIÓN**

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a súa formación

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O nivel formativo dos/as galegos/as é determinante en todos o indicadores TIC pero, relaciónase particularmente coas compras a través de Internet: máis do 87% dos galegos/as con educación superior compran a través da Rede.




Factores que inflúen no uso das TIC:

INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de ordenadores no fogar (portátil, sobremesa, tablet,...) crece de modo paralelo aos ingresos: o 93,9% dos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros mensuais, dispoñen deste equipamento.

Os fogares que teñen ingresos inferiores a 1.100 euros incrementaron máis os ordenadores nos últimos anos. No 2023, un 50,4% dos fogares con ingresos mensuais inferiores a 600 euros contan con algún tipo de ordenador fronte ao 45,7% do ano 2020, un crecemento relativo do 10,3%.




Factores que inflúen no uso das TIC:

CONVIVENCIA CON NENOS


Fogares ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)





Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as


(% sobre o total de persoas de 16 a 74)



A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo en todos os indicadores de dixitalización do fogar


Factores que inflúen no uso das TIC: HÁBITAT

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat




O uso de Internet segundo os tipos de hábitat mantense en valores superiores ao 85%. Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, supérase amplamente a media galega (91,5%). Os incrementos máis notorios desde o 2020 son nos concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes e os de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento relativo de internautas do 6,6% e 6,4% respectivamente nos últimos catro anos

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses



Crecemento Dixital

FOGARES CON
ORDENADOR




+ 3,5%

2020-2023
+ 24.015

746.489
fogares

FOGARES CON
INTERNET




+ 4,4%

2020-2023
+ 36.545

890.005
fogares

INTERNAUTAS
16-74 ANOS




+ 4,3%

2020-2023
+ 70.070

Internautas
2023
±1.8 MM

INTERNAUTAS
65-74 ANOS




+ 27,5%

2020-2023
+ 46.666

Internautas
65-74 anos
2023
216.227

COMPRAS
ON LINE



+ 9,2%

2020-2023
+ 102.564

Compradores
2023
±1.2 MM

Análise DAFO



FORTALEZAS

Continúa a evolución positiva dos principais indicadores TICs e a converxencia coa media estatal e europea.

Impulso dos indicadores de dixitalización entre os colectivos que, tradicionalmente, presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

Gran destaca no uso da eAdministración en Galicia e a emerxencia dos fogares intelixentes.



DEBILIDADES

A dificultade para a mellora das redes e conexións en zonas afectadas polo despoboamento e a dispersión.

Aínda que os maiores se conecten, os seus usos de Internet é menos diversificado.




OPORTUNIDADES

Estratexia Dixital Galicia 2030: actuacións para configurar un futuro dixital para tod@s

Desenvolvemento dun marco de competencias dixitais para a cidadanía

Despregamento das redes 5G

Desenvolvemento dunha Administración Intelixente, con servizos proactivos, inclusiva e personalizada para a cidadanía, accesible 24 horas dende calquera dispositivo en mobilidade.



AMEAZAS

A xente maior aumentou moito o seu uso de servizos sensibles como a Banca Electrónica e a Sanidade polo que debe mellorarse o seu coñecemento e preparación ante as ameazas á ciberseguridade, tanto desta xente maior como de toda a poboación.

A baixa incorporación da xente maior ás compras por Internet limita o seu acceso aos bens e servizos, cada vez máis dixitais.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA